

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE
OUTUBRO DE 2012. Nº 13/2012.**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)
D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)
D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA ACCIDENTAL: D^a. MARÍA CARMEN MEIJOME ÁLVAREZ.

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....páx. 3

2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....páx. 3

3.- Expediente de Modificación das Ordenanzas Fiscais para o ano 2013.....páx. 5

4.- Expediente de modificación de créditos do Padroado Cultural Nº 1-P/2012.....páx.

5.- Expediente de suplemento de créditos Nº 5-P/2012.....páx.

6.- Expediente das obras de rehabilitación do Pazo de Liñares (CO06/2010).....páx.

7.- Mocións do PSdeG-PSOE.

 7.1.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde en relación co Proxecto Lalín-Lab.....páx.

 7.2.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde en relación co Parking Europa.....páx.

8.- Rogos e preguntas.....páx.

=====

Sendo as dez horas do día 29 de outubro de 2012, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; asiste como Interventora accidental Técnica de Xestión Tributaria *D^a. M^a. Carmen Méijome Álvarez*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión extraordinaria do 4 de outubro de 2012. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión extraordinaria do 4 de outubro de 2012, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS PARA O ANO 2013.-

A Presidencia deu conta do **Expediente de Modificación das Ordenanzas fiscais para o ano 2013**, que inclúe ás ordenanzas reguladoras do imposto sobre bens inmobles, a taxa polos servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos e da taxa de sumidoiros, a taxa por ensinanzas docentes municipais e polo uso das súas instalacións e dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades nas instalacións deportivas municipais. A continuación o *Sr. Secretario* leou os respectivos ditames favorables da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 25 de outubro de 2012.

Por unanimidade de todos os asistentes acordouse realizar o debate conxunto e a votación por separado de cada unha das modificacións das ordenanzas propostas.

Xa na rolda de intervencións, ***D. Manuel Gómez Estévez***, edil de facenda, explicou unha a unha as ordenanzas que se querían modificar. Así indicou que na do IBI continuaba a política municipal co mesmo criterio de reducir unha centésima no tipo de gravame, tendo en conta a suba que o RDL do mes de decembro supuña de incrementar o tipo ata o 0,5%. Sobre a ordenanzas de auga e saneamento a suba era o que se pactou, a do IPC e así figuraba no contrato; na ordenanza das taxas por ensino quería se adecuar a mesma a nova normativa en materia de familias numerosos e por última na ordenanza polo uso de instalacións deportivas trataba de corrixir algunhas disfuncións que se refería ao pago, podendo a partires da entrada en vigor de pagar cada seis meses e non mes a mes como se facía.

Con todo coidaba que as taxas municipais quedaban conxeladas, porque o resto de ordenanzas non se tocaba, lembrando que o ano pasado subiuse a taxa polo servizo de recollida de lixo, e o grupo de goberno consideraba que neste ingre a presión fiscal sobre o contribuínte era alta e non conviña modificala.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller**, adiantou que o seu grupo estaba en profundo desacordo coa suba do IBI. De sempre dixeron que había que baixar o tipo de gravame, estaban a favor de efectuar unha baixada mais forte no tipo de gravame, tendo en conta que a suba do RDL do goberno central nos impostos foi aleatoria e moi importante.

Eles xa hai meses anticiparon que a suba sería máis alta; non obstante este incremento real foi do 24%, eles dixeron que sería sobre oitenta e oito mil euros, e a real é de corenta e dous mil euros. Tamén estaban en desacordo coa bonificación se que se aplicaba ao rural, en parte; porque neste tipo de solo tamén había palacetes, e chalets de gran valor, e elo supuña unha inxustiza que o dono desta propiedade pagase menos que unha persoa que teña un só piso en Lalín, xa que pagaba mais.

Sobre a bonificación era partidario de aplicar esa bonificación de ata o 90% para as explotacións gandeiras e de non aplicar a bonificación a estes palacetes e chalets.

Sobre a ordenanza da auga e do saneamento, dixo que non entendía as afirmacións que se facían desde Lalín e A Coruña, xa que un e outro Concello sostiñan que tiñan o auga mais barato de España.

Coidaba que había que buscar medidas para baixar o tipo de gravame, e non se explicaba como se podía subir un recibo da auga nun 25% e non dicilo, porque agora co incremento do canon de auga e do IVE , a suba sería esta. Así por exemplo unha familia de tres persoas que agora pagase 39 euros pagaría 49 euros, suba que pensaba era excesiva.

Votarían en contra desta suba; en canto ao resto, votarían en contra.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que o BNG rexeitaba a suba do IBI, por varios motivos. Un deles era que o RDL do goberno central era abusivo e consideraba que invadía competencias municipais; doutra banda entendía que as valoracións catastrais que partían do ano 2003 eran abusivas. O 0,5 % era excesivo, e vía ben rebaixar o mesmo no rural. Doutra banda coidaba que agora, cumpridos dez anos de vixencia da ponencia de valoracións catastrais, había que aplicar menos.

Sobre a ordenanza da auga e saneamento dixo que o prezo era alto deste servizo, e non entendía como se collía de agosto a agosto na suba do IPC para aplicar. Era partidario doutra banda de conceder facilidades para pagar.

De todos modos tamén botaba de menos outras taxas que non existen e si modificar algunhas que xa existían.

D. Camilo Conde López, concelleiro do PGD, indicou que no IBI podía haberen abusos e había que evitalos, referíndose aos chalets e palacetes que había no rural. Tamén pensaba que o consumo da auga debía ter un mínimo bonificado e despois gravar ao consumo superior. En canto ao resto, estaba a favor.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que o RDL de finais de decembro do ano pasado afectaba a toda España e había que cumprilo, o Concello dende logo non podía corríxilo.

Doutra banda sinalou que coa proposta do grupo socialista, o tipo de gravame do IVBI sería do 0,45%, e agora coa proposta estaría no 0,41%; se fixeran caso ao BNG estaría no 0,43% aquela. O grupo de goberno seguiría coa súa política e chegar ao 0,40%.

En canto aos palacetes e chalets, salientou que non todos estaban en solos de núcleo rural, senón en diseminado, e estes pagaban comas os demais de solo urbano.

Para as explotacións agrarias xa se aplicaban as bonificacións.

En canto ao canón de saneamento na taxa da auga, sinalou que xa se pagaba.

Houbo de seguido un debate cos representantes socialistas, sobre se eran dous cánones, un ou se eran similares ou diferentes dos anteriores. **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** amosou un recibo da súa propiedade ou vivenda, indicando que debía estar mal o mesmo.

Sobre a taxa da auga, dixo que o servizo era barato en comparación co Concello de al lado (Silleda). A Coruña había que compararse cons concellos similares.

D. Xosé Crespo Iglesias indicou que o Concello contaba cos ingresos similares ao do ano anterior, indicando que a solución estaba na xestión. Había un contrato con Espina y Delfin sobre o IPC que había que incrementar, e amosouse disposto a facer estudos comparativos con concellos similares a Lalín para ver se o que se cobraba era superior ou similar ou por baixo da media. Lalín hoxe pagaba ben, e desde logo non eran puferos nin malos pagadores.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** contestou ás cuestións antes indicadas, no sentido de que ao comezo colleuse como datas para determinar o IPC de agosto a agosto, porque a empresa Espina y Delfin S.L. Así o esixiu. Coidaban que daquela beneficiaba máis aos cidadáns e así seguirían.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo que a auga para a meirande parte dos veciños subiría un 25 % cos dous cánones que se establecían. Doutra banda volveu insistir nos palacetes, ou casonas, sinalando que en solo rústico ou en diseminado non deberan estar aí. En todo caso estaba en desacordo en que por exemplo un chalets situado no rural con máis dun valor de tres centos mil euros tiverse unha bonificación do setenta por cento; e pola contra un veciño do casco de Lalín pagase por un valor de algo mais de cen mil euros sobre o cento por cento.

Por alusións **D. Manuel Gómez Estévez** dixo ver algunhas contradicións en casos concretos, a raíz do establecemento dos valores catastrais, porque partiron dun valor alto.

Houbo de seguido un debate entre o edil delegado de facenda e o voceiro socialista sobre a bonificación do rural que chegan ao 60%
Deuse por rematado o debate.

Finalizado o debate, pasouse á votación ordinaria a man alzada de cada unha das ordenanzas modificadas, co seguinte resultado:

3.1.- Modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: sete (7), sendo catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **aprobose** a modificación da ordenanza fiscal antedita, en base aos seguintes antecedentes:

Próximo a rematar este exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, **é oportuno modifica-la Ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.**

A proposta de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmóbles inclúe unha baixa no tipo de gravame aplicable ós bens de natureza urbana, fixándose no 0,41 %, co obxectivo de paliar a repercusión que tivo no noso Concello o proceso de revisión catastral e a conseguinte entrada en vigor dos novos valores catastrais no ano 2004.

Respecto da aplicación do tipo regulado nesta Ordenanza, en virtude do disposto no Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, con carácter transitorio e excepcional para os exercicios 2012 e 2013 aplicarase un tipo de gravame mínimo do 0,5% aos inmobles de uso non residencial así coma aos de uso residencial que pertencen á metade de maior valor catastral do conxunto de inmobles de municipio que teñan dito uso, xa que a ponencia de valores total foi aprobada por este Concello entre o ano 2002 e 2004. En consecuencia, o tipo de gravame que se vai contemplar na Ordenanza municipal (0,41%) será de aplicación ao bens inmobles de uso residencial que pertencen á metade con menor valor catastral do conxunto dos inmobles do municipio que teñan dito uso.

Por outra parte, con carácter xeral o procedemento de valoración colectiva que tivo lugar determina a aplicación dun coeficiente redutor sobre a base imponible (valor catastral) para a obtención da base liquidable, coeficiente que ten o valor de 0,9 o primeiro ano da súa aplicación e vai diminuindo en 0,1 anualmente ata a súa desaparición, polo que a baixa no tipo de gravame pretende atenuar a incidencia que a diminución dese coeficiente redutor ten na cota tributaria. Así mesmo, propónse manter a bonificación, que xa estaba prevista para o exercicio actual na ordenanza vixente, do 60% da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmobles para os emprazados en solo de núcleo rural.

Xa que logo, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que debe producir o referido tributo, á equidade e xustiza no mesmo e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, modificación e derogación dos seus propios tributos, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, achegándose ó expediente o contido da mesma e dos demais documentos que forman parte do expediente.

Segundo.- Este acordo provisional exporase ao público, a efectos de reclamacións, no taboleiro de anuncios do Concello, durante trinta días hábiles como mínimo, debendo publicarse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e nun diario dos de maior difusión da provincia. Finalizado o período de exposición pública, procederase á adopción dos acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. Se non se presentan reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

3.2.- Modificación da ordenanzas reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos.

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: sete (7), sendo catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **aprobase** a modificación da ordenanza fiscal antedita, en base aos seguintes antecedentes:

Próximo a rematar este exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, é oportuno modifica-las ordenanzas reguladoras da taxa por servizos de distribución de auga, gas,

electricidade e outros abastecementos públicos.

As modificacións proxectadas responden aos contratos asinados de xestión de servizos públicos que prevén determinados incrementos anuais. Neste caso, a xustificación da modificación das taxas polos servizos de abastecemento de auga e saneamento ven dada polo contrato asinado coa empresa Espina y Delfín, S.L., no que se prevía unha modificación anual ao alza das tarifas aplicables pola prestación destes servizos equivalente ao incremento do custo da vida, entendendo como tal o índice interanual de prezos ao consumo determinado polo Instituto Nacional de Estatística.

Respecto destas últimas taxas, propónse actualizalas mediante a aplicación do IPC do período agosto 2011-agosto 2012, cifrado nun 2,7%, segundo datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística.

Xa que logo, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que debe producir o referido tributo, á equidade e xustiza no mesmo e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, modificación e derogación dos seus propios tributos, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- **Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanzas reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos**, achegándose ó expediente o contido da mesma e dos demais documentos que forman parte do expediente.

Segundo.- Este acordo provisional exporase ao público, a efectos de reclamacións, no taboleiro de anuncios do Concello, durante trinta días hábiles como mínimo, debendo publicarse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Finalizado o período de exposición pública, procederase á adopción dos acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional.

Se non se presentan reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

3.3.- Modificación da ordenanza reguladora da taxa de sumidoiros

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: sete (7), sendo catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **aprobouse** a modificación da ordenanza fiscal antedita, en base aos seguintes antecedentes:

Próximo a rematar este exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e na realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, é oportuno modifica-la ordenanza reguladora da taxa de sumidoiros.

As modificacións proxectadas responden aos contratos asinados de xestión de servizos públicos que prevén determinados incrementos anuais. Neste caso, a xustificación da modificación das taxas polos servizos de abastecemento de auga e saneamento ven dada polo contrato asinado coa empresa Espina y Delfín, S.L., no que se prevía unha modificación anual ao alza das tarifas aplicables pola prestación destes servizos equivalente ao incremento do custo da vida, entendendo como tal o índice interanual de prezos ao consumo determinado polo Instituto Nacional de Estatística.

Respecto destas últimas taxas, propónse actualizalas mediante a aplicación do IPC do período agosto 2011-agosto 2012, cifrado nun 2,7%, segundo datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística.

Xa que logo, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que debe producir o referido tributo, á equidade e xustiza no mesmo e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, modificación e derogación dos seus propios tributos, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa de sumidoiros, achegándose ó expediente o contido da mesma e dos demais documentos que forman parte do expediente.

Segundo.- Este acordo provisional exporase ao público, a efectos de reclamacións, no taboleiro de anuncios do Concello, durante trinta días hábiles como mínimo, debendo publicarse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Finalizado o período de exposición pública, procederase á adopción dos acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

3.4.- Modificación da ordenanza reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais e polo uso das súas instalacións.

Aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinte e un concelleiros, sendo catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un PGD.

En consecuencia, **aprobose** a modificación da ordenanza fiscal antedita, en base aos seguintes antecedentes:

Próximo a rematar este exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, é oportuno modifica-la ordenanza reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais e polo uso das súas instalacións.

Propónse modificar a Ordenanza reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais no que se refire ás bonificacións que se contemplan para os membros de familias numerosas, co obxectivo de adaptalas á normativa vixente, Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, na que se contemplan dúas categorías: xeral e especial, para as que se prevén bonificacións do 50% e 100 %, respectivamente.

Xa que logo, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que debe producir o referido tributo, á equidade e xustiza no mesmo e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, modificación e derogación dos seus propios tributos, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais e polo uso das súas

instalacións, achegándose ó expediente o contido da mesma e dos demais documentos que forman parte do expediente.

Segundo.- Este acordo provisional exporase ao público, a efectos de reclamacións, no taboleiro de anuncios do Concello, durante trinta días hábiles como mínimo, debendo publicarse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Finalizado o período de exposición pública, procederase á adopción dos acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

3.5.- Modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades nas instalacións deportivas municipais.

Aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinte e un concelleiros, sendo catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un PGD.

En consecuencia, **aprobose** a modificación da ordenanza fiscal antedita, en base aos seguintes antecedentes:

Próximo a rematar este exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, é oportuno modifica-la ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades nas instalacións deportivas municipais.

A Concellería delegada de Deportes propón modificar os artigos 5º e 6º da ordenanza reguladora do prezo público polas actividades nas instalacións deportivas municipais, co obxectivo de mellorar na xestión do cobro.

Xa que logo, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que debe producir o referido tributo, á equidade e xustiza no mesmo e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, modificación e derogación dos seus propios tributos, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- **Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades nas instalacións deportivas municipais**, achegándose ó expediente o contido da mesma e dos demais documentos que forman parte do expediente.

Segundo.- Este acordo provisional exporase ao público, a efectos de reclamacións, no taboleiro de anuncios do Concello, durante trinta días hábiles como mínimo, debendo publicarse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Finalizado o período de exposición pública, procederase á adopción dos acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1-P/2012 PADROADO CULTURAL.-

A **Presidencia** deu conta deste expediente. De seguido o *Sr. Secretario* leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 25 de outubro de 2012.

Expoñendo a proposta o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez** explicou que o expediente incluía a realización duns gastos no edificio do Auditorio municipal, propiedade municipal.

A favor amosouse a representante socialista **D^a. Beatriz García Iglesias**, se ben amosou as súas sorpresa e dúbidas por contar un remanente de tesourería próximo ao 50% que non se utiliza. *¿A que se debe isto?*, preguntou. Sinalou que con eses cartos do remanente puideron e aínda hoxe se podían facer novas cousas, como acometer un conservatorio de música folk ou rebaixar o orzamento municipal.

Contestou **D. Manuel Gómez Estévez** indicando que se debía a unha boa xestión. En concreto gasto estaba en arranxos e arraxo de instrumentos, mesmo estudaban a posibilidade de comprar un piano. Había moito orzamento pero pouco gasto. En todo caso reafirmou que o material que se compraba era o mínimo para funcionar.

Nesta mesma dirección **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que votarían favor, se ben cunha salvidade, xa que quería resaltar que esta vez foi a primeira que antes de traer o expediente ao Pleno do Concello, tratouse e estudouse desde o Padroado, algo que había que celebralo. Doutra banda chamaba a atención tamén a existencia dese remanente, tendo en conta a delicada situación do Padroado de Cultural, cartos que podían dedicarse a becas e bolsas de alumnos que son de familias que fan un esforzo importante para saír adiante.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** tamén indicou que estabamos nun momento económico delicado, e que había que mellorar a xestión.

Rematou o debate **D. Manuel Gómez Estévez** para agradecer o apoio de todos a esta proposta.

A seguir do debate votouse o expediente e aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinte e un concelleiros, sendo catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un PGD.

En consecuencia **aprobose** a proposta do Sr. Alcalde-Presidente, en base aos seguintes antecedentes:

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 1-P/2012 dentro do presuposto do Organismo Autónomo Padroado Cultural de Lalín, a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e ante a urxente e inaprazable necesidade de realiza-los gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste organismo, co obxecto de dotar crédito para investimentos en material didáctico para o Conservatorio de Música, finalidades para as que non existe crédito suficiente no Orzamento do citado organismo aprobado para o exercicio económico de 2012 á finalidade específica que motiva a súa tramitación, no nivel establecido de vinculación xurídica,

Xa que logo, **o Pleno da Corporación acordou:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito nº 1-P/2012 Padroado Cultural, financiado con cargo ó Remanente Líquido de

Tesourería, de acordo co seguinte detalle :

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
323.629.00	Promoción educativa. Outras inversións asociadas ao funcionam. operativo dos servizos	5.650,00 €
TOTAL ALTAS		5.650,00 € €

2.- Medios ou recursos que van financiar a modificación de crédito:

O Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2011 recollido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos do Organismo Autónomo Padroado Cultural de Lalín.

3.- Cada un dos gastos a realizar teñen un carácter específico e determinado, habilitando para o efecto os correspondentes créditos orzamentarios, sen que poidan demorarse ata o exercicio seguinte dadas as necesidades perentorias que van cubrir.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito doutra partida, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 5-P/2012.

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a proposta da Alcaldía-Presidencia. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 25 de outubro de 2012.

No turno explicativo o edil delegado de área, **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que este expediente referíase a unha subvención concedida para a praia de Vilatuxe, concedida pola axencia AGADER.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller**, adiantou que carecían de datos para opinar nin a favor nin en contra. Non había proxecto e da experiencia habida estes anos de atrás en que se gastaron máis de setenta mil euros. Tiñan dúbidas e se absterían.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén dixo que hai máis dun ano o seu grupo presentou unha moción e non conseguiron nada. Díxose daquela polo edil delegado do rural que non se sabía se ía haber ou non máis riadas.

Agora ven a axencia AGADER a dicirnos que ten que executarse unhas obras, pedidas antes por nós. Absteríanse.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** dixo que as obras eran positivas, pero tiñan as reticencias que e dixeran antes. Absteríase.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** contestando ao grupo socialista afirmou que proxecto había, e que o redactou o técnico Antonio Bernárdez.

Rematou o debate o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, **idnicando que** había unha memoria ou anteprojecto e que logo cando se conceda a subvención se redactaría o proxecto de obra, preguntando se era lóxico presentar un proxecto se non se ía facer a obra, referíndose a casos excepcionais como o de rehabilitación do Pazo de Liñares.

Por alusións **D. Manuel María González Aller** dixo que houbo outros proxectos que se presentaron sen ter conceda a subvención.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: sete (7), sendo catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e unha do PGD.

En consecuencia, **aprobose a proposta da Alcaldía** cos seguintes antecedentes:

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 5-P/2012 a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito ó Presuposto municipal para facer fronte á achega municipal correspondente ao exercicio 2012 para a execución do proxecto de “Acondicionamento e mellora de accesibilidade da praia fluvial Pozo do Boi en Vilatuxe” para o cal a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural concedeu a este Concello unha subvención por importe total de 110.287,16 €, que se distribúe en dúas anualidades, 53.378,99 € para o ano 2012 e 56.908,17 para o ano 2013. A axuda foi concedida ao abeiro da Resolución de 9 do abril de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia promovidos por concellos e mancomunidades de concellos cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

Segundo o exposto, o cadro de financiamento da obra de “Acondicionamento e mellora de accesibilidade da praia fluvial Pozo do Boi en Vilatuxe” é o seguinte:

Orzamento total do proxecto: 152.337,28 € (importe actualizado coa aplicación do IVE do 21% vixente na actualidade)

	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAIA FLUVIAL POZO DO BOI EN VILATUXE		
	Anualidade 2012	Anualidade 2013	TOTAL
Subvención da Axencia Galega de	53.378,99 €	56.908,17 €	110.287,16 €

Desenvolvemento Rural			
Achega Concello	20.352,26 €	21.697,86 €	42.050,12 €
TOTAL	73.731,25 €	78.606,03 €	152.337,28 €

Xa que logo, **o Pleno da Corporación acordou:**

Primeiro.- Aprobar a modificación presupostaria, consistente nun SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 5-P/2012, financiado con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, de acordo co seguinte detalle :

1.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
459.619.05	Outras infraestruturas. Acondicionamento e mellora da accesibilidade da praia fluvial Pozo do Boi en Vilatuxe	20.352,26
TOTAL ALTAS.....		20.352,26 €

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

O Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2011, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, consérvase o equilibrio presupostario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

6.- EXPEDIENTE DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO PAZO DE LIÑARES.

A Presidencia deu conta deste expediente. De seguido o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 25 de outubro de 2012.

Polo grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, voceiro do grupo popular expuxo o expediente, explicado que os cambios que se recollina neste modificado nº 2 reformado afectaban a unha caldeira de gasóleo que agora se substituíra por unha bomba de calor,

conseguindo así un maior aforro de cartos e unha maior eficiencia enerxética e outros cambios na ventilación e estancias interiores.

O custe destas obras esperaban que se financiase con cargo á baixa producida na licitación.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou que as obras do proxecto só afectaban ao interior da obra e que non constaba nada ao Concello, sinalando que o Ministerio de Fomento lle pediu que indique o fin a que se destinará o edificio rehabilitado, anticipando que estaban a estudar isto, e nomeadamente a posibilidade de crear un centro de documentación e outro de investigación da cultura castrexa.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** adiantou o voto positivo do seu grupo, sinalando dúas salvidades: unha que a construción ou a rehabilitación desta obra non eran gratis, aínda que o Concello non aportase os cartos, porque estes son de todos os cidadáns; e en segundo lugar sobre o contido do dito, pediu ao Alcalde e grupo de goberno que tendo en conta que xa se presentou un avance, se consensuase coa oposición e se cumprira o que se dixo nunha sesión plenaria, no sentido de que se ía abrir a todos os membros da oposición. Non era certo pois o que se dixo no senso de que era un proxecto de todos e volveu insistir neste aspecto.

Dende o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén amosouse disposto a apoiar, pero tamén insistiu en que se consultase á oposición, mediante unha xunta de voceiros para aportar idea, algo que non se cumpriu. Os usos anunciados polo Alcalde parecíanlle ben, pero pediu que no futuro se consultase á oposición tal e como dixo o propio Sr. Alcalde.

Polo o PGD, **D. Camilo Conde López** tamén indicou que votaría afirmativamente a proposta. Pediu sensatez, a obra quedaría ben e estaba de acordo.

De novo **D. Román Rodríguez González** volveu falar de que o importante agora sería dotarlle de contido ao edificio.

Finalizou o debate o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, sinalando que traballarían duro sobre o tema.

A seguir do debate votouse o expediente e aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinte e un concelleiros, sendo catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un PGD.

En consecuencia, **aprobose** o expediente do Modificado nº 2 do contrato das obras de rehabilitación do Pazo de Liñares, en base aos seguintes antecedentes:

FÁTIMA??. Informe Secretaría,
comentar tb autorización Patrimonio,

Xa que logo, o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Además de la aprobación del modificado nº 2, tb comunicar ós organismos cofinanciadores desta actuación, Consellería de Cultura e Mº Fomento solicitando financiamento do incremento con cargo a baixa (MILAGROS, Cláusula convenio Mº Fom...)

7.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE.

7.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE DE SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN RELACIÓN CO PROXECTO LALIN-LAB.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista de data 17 de

outubro de 2012, con entrada municipal o mesmo día e número de rexistro 6508. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 25 de outubro de 2012.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** tomou a palabra para indicar que polo Lalinlab non se sabía o que era, se existía ou non, ese era unha entelequia. Lembrou que o que sabía o seu grupo era que houbo unha presentación para dar unhas clases de guitarra e tras dous anos, díxose que se ía gastar o Concello uns sete mil euros nun anteproxecto. Hoxe non se sabía nada, nin o prezo, nin o que se fixo, nin o custe do mesmo, nin as actividades, e, se descoñecía. Non podía dicir se o Lalinlab eran as clases de guitarra ou non.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** manifestou que non tiña nada que dicir.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** tampouco se dixo nada.

Rematou o debate o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, manifestou que aceptaba a comparecencia.

Sobre o fondo dixo que hoxe viviamos nun mundo globalizado, no que as relacións e as actuacións dos medios de comunicacións tiñan cada vez máis relevancia. Referiuse como *exemplo disto ao premio conseguido polo Concello á Feira do Cocido coñecido como Antena de Oro* esta fin de semana en Madrid (Aranjuez), obtivo segundo él polo marketing despregado, grazas ás relacións cos periodistas e ao traballo que ano tras ano se fixo coa Feira do Cocido, Comendadores, dedicacións, invitacións, etc..

Por alusións, o concelleiro socialista, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**, indicou que

Sometida a votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo catorce (14) do PP, catro do PSdeG-PSOE e dous do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) do concelleiro do PGD.

7.2.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE DE SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN RELACIÓN AO PARKING EUROPA.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista de data 17 de outubro de 2012, con entrada municipal o día 19 de outubro de 2012 e número de rexistro 6555. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 25 de outubro de 2012.

Brevemente o voceiro socialista **D. Manuel M^a. González Aller** explicou que este era un tema vello e de sobra coñecido por todos. Viña referido a unha instalación municipal por concesión, o parking da Praza de Europa, que levaba moito tempo pechada por unha sentenza xudicial que obrigaba a demoler. Despois de tanto tempo nesta situación, o seu grupo quería saber canto se gastou o Concello neste expediente, nos preitos, na demolición, gastos xudiciais, e sobre todo o que faltaba; a indemnización a satisfacer ao concesionario por varios aspectos, entre eles, pola redución das prazas do aparcamento.

Tamén desde a formación nacionalista **D. Xesús Cordeiro Budiño** coincidía en que o Sr. Alcalde debía comparecer.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** dixo que apoiaba a comparecencia, e esperaba que terminase todo ben despois de tantos preitos e problemas.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que non había nada novo que xa non se soubera. Díxolles: “vos *queredes facernos responsables desta situación*”. O que houbo xa se sabía, problemas xudiciais e unha sentenza e motivado todo por un problema técnico; nos xa executamos a sentenza e estabamos á espera dunha resolución. Houbo informes técnicos sobre a altura do edificio nun sentido; o noso dixo que sí cumpría, pero o da sala dixo que non, que se elevaba algo sobre a rasante e por iso veu a sentenza así. Agoara podíamos abrir e estabamos nos trámites de facelo, contratando unhas actuacións que faltaban, aínda que faltaba algunha sentenza.

Por alusións **D. Manuel María González Aller** dixo que os técnicos municipais cambiaban de criterio como se amosou neste tema.

Seguiu a falar **o Sr. Alcalde**, indicando que se cumprirá a sentenza, logo cando funcione o parking se dirá todo; agora non comparecería porque non había máis información e non sabería que dicir. A parte interesada pedía a demolición integral do parking, pero non o conseguir. Non había nada novo que dicir, e cando termine todo, se facilitará a información que se produza.

Na moción pedíase a comparecencia perante o Pleno do Sr. Alcalde para explicar por que a día de hoxe segue sen reabrir o parking, informar de canto leva gastado o concello ata o momento en proxectos e obras de derrubo, de reconstrución e de reforma, en proxectos e obras para a súa reapertura, e en gastos xudiciais e de calquera outro tipo imputables a este parking, así como para facer unha previsión dos custes de indemnización por todo o tempo de inactividade e pola perda de beneficios durante os 25 anos da concesión derivada da redución significativa das prazas iniciais.

Sometida a votación ordinaria a moción en votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

De xeito escrito:

PSdeG-PSOE:

Rogo formulado polos concelleiros do PSdeG-PSOE D. Cristóbal Fernández Vázquez e D. Manuel González Aller, cuio contido se transcribe:

1.1.- ROGO.

“O Grupo Municipal Socialista considerou unha marxinación o ocorrido este ano coa Volta Ciclista a España, pois pasou practicamente por todas as comarcas da provincia de Pontevedra menos polo Deza; e cómpre lembrar que a empresa que representa a competición ciclista, Unipublic, recibiu cartos públicos da Deputación de Pontevedra, entre outros organismos, para o percorrido na nosa provincia.

Esta edición xa pasou, pero a que ven parece que tamén ten moitas posibilidades de pasar pola provincia polo que cremos que hai que reclamar que pase por Lalín e polo Deza no 2013. É indubidable que o paso da Volta é unha boa promoción turística e o paso por Lalín unha forma de

dar a entender que nesta provincia existe interior, que pode haber turismo de calidade nese interior e que non só existen as Rías Baixas. Os beneficios directos que aporta unha saída ou unha finalización de etapa son importantes, pero tamén non o é menos para os intereses comerciais e turísticos de Lalín a promoción que fai o ciclismo, pois non só sae a vila en todas as televisións e se fala dela, senón que ademais o paso deste evento ven acompañado sempre dun numeroso grupo de visitantes.

Por todo o exposto, formúlase o presente ROGO para que esta presidencia na súa dobre condición de alcalde e vicepresidente da Deputación Provincial faga as xestións oportunas en tempo e forma para que no caso en que a Volta a España 2013 se achegue á provincia de Pontevedra, non só pase pola nosa comarca, senón que, na medida do posible, Lalín poida ser principio ou fin de etapa ”

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

De xeito oral durante a sesión:

D^a. Beatriz García Iglesias.

ROGO.- Tendo en conta que cruce das rúas Montefaro, Melide e rúa B hai visibilidade reducida, os vehículos que souben pola rúa Montefaro teñen unha visibilidade reducida e por elo existe un evidente risco de accidente entre os mesmos. Pide que se coloque un espello ao efecto.

Respondeu D. Xosé Crespo Iglesias indicando que aí podía ampliarse a beirarrúa e colocar o espello na mesma.

ROGO.- Esta fin de semana houbo carreiras de vehículos na rúa B, na Calzada, prácticas que se veñen a repetir dun xeito periódico. Pide que as autoridades municipais adopten as medidas precisas e que impidan estas actuacións,

Respondeu D. Xosé Crespo Iglesias afirmando que se estaba nel e a Policía Local tiña orde de evitar estas actuacións dende hai tempo.

PREGUNTA.- ¿Como está o proceso de elaboración da Ordenanza medioambiental norma da que tantas veces preguntou por ela?.

Contestou D. Manuel Fernández López indicando que estaba nese traballo.

P.G.D:

D. Camilo Conde López:

1.2.- ROGO.

“Durante o transcurso ou remate do pleno do próximo luns quero mostrar e se procede degustar un queixo curado de nabiza ante os presentes o obxecto de poder valorar a súa futura confección e comercialización, demandando o apoio da Corporación aos posibles produtos desta comarca na indicada variedade.
Pide autorizar dita petición.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

E, sendo as trece horas e sete minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros

asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente